



CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Formada e rendida a Conta Xeral desta corporación correspondente ao ano 2022, cos estados e contas aos que se refire o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello na súa sesión do día 10 de maio de 2023, de conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 212 da antedita Lei, queda exposta ao público, cos documentos que a xustifican, polo prazo de quince días, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante este prazo os interesados poderán examinala e presentar por escrito reclamacións, reparos ou observación que estimen necesarias.

Baralla, 10 de maio de 2023.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 1465

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de maio do 2023 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 10/07/2023. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento,

segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 9 de maio de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1466

CARBALLEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de abril de 2023 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó primeiro trimestre do exercicio 2023.

O importe total do padrón ascende a TRECE MIL SETECENTOS VINTE E CATRO EUROS E NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (13.724,93€), sendo o período voluntario de cobro **dende o día 27 de maio de 2023 ao 27 de xullo de 2023** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resume do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERIODO. 1º trimestre 2023.

NÚMERO DE PÁXINAS: 40

NÚMERO DE RECIBOS: 616

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 9.944,90€; IVE: 994,49€; Canon Xunta Cota fixa: 1.329,45€; Canon Xunta Cota Variable: 1.456,09€. Total importe padrón: 13.724,93€.

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 08 de maio de 2023.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1467

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 5 de maio de 2023, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 2º bimestre de 2023, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 18 de Maio de 2023 e o 18 de xullo de 2023.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, a 7 de maio de 2023.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERÍO.

R. 1468

PANTÓN

Anuncio

O Alcalde do Concello de Pantón, mediante Decreto número 2023-0125, do 10.05.2023, resolveu aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos que a continuación se indica para participar no proceso selectivo para a cobertura en propiedade da praza de persoal laboral fixo denominada Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, incluída nos procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público:

ASPIRANTE	DNI	ADMITIDO	EXCLUÍDO	CAUSA DE EXCLUSIÓN
González Freire, Modesto	76****92M	NON	SI	Falla copia do DNI ou documento oficial que acredite a identidade (Bases específicas XV.-Base específica cuarta)
Herrán Calvo, Alberto	33****25X	SI	NON	Ningunha
Losada Valdés, Yolanda	34****68S	SI	NON	Ningunha
Rello López, Óscar	34****30B	SI	NON	Ningunha
Vila Pol, Lorena	34****63H	SI	NON	Ningunha

Quen resultasen excluídos dispoñen dun prazo de DEZ (10) DÍAS HÁBILES contados a partir do seguinte ao de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para emendar os defectos e presentar reclamacións, mediante escrito que dirixido á Alcaldía, que poderá presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O que se fai público en orde a dar cumprimento ao disposto na base xeral 5.3 das Bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria do proceso selectivo de referencia publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 298, do 30.12.2022, así como na sede electrónica do Concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>).

Pantón, 10 de maio de 2023.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1469

A PONTENOVA*Anuncio*

Convocatoria para a selección de 1 traballador/a social como persoal laboral temporal para prestar servizos no Concello da Pontenova.

Por resolución da alcaldía número 2023 - 0205 de data 11/05/2023 apróbanse as seguintes bases reguladoras do proceso selectivo de 1 traballador/a social como persoal laboral temporal:

BASES DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL, PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE A PONTENOVA.**PRIMEIRA. Obxecto.**

É obxecto das presentes bases a regulación do proceso selectivo, a través do procedemento de concurso-oposición libre, para a cobertura dunha praza de persoal laboral temporal de traballador/a social, correspondente ao Grupo de clasificación I-2 dos previstos no Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de A Pontenova.

O antedito contrato de traballo celebrarase por circunstancias da produción, consonte ao disposto no artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ao concorrer circunstancias que, aínda tratándose da actividade normal do Concello de A Pontenova, xeran un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible e o que se require, circunstancias que en calquera caso non respondan aos supostos incluídos no artigo 16.1 da mentada norma. A duración do contrato será de seis meses.

SEGUNDA. Funcións da praza e retribucións.

Área/Servizo: Área de Servizos Sociais/Benestar Unidade Servizos Sociais (SSO)	Tipo de persoal: Laboral
Grupo profesional: I.2	Retribución bruta anual: 22.000,44 €
Complemento posto de traballo: 6.055,00 €	Complementos especiais: Respons.
Dedicación: Total	Xornada: ordinaria continua

Funcións:

- Colaboración na supervisión do persoal, tanto administrativo como de outros servizos, e a actividade propia do departamento.
- Colaboración na xestión da atención primaria no eido dos servizos sociais, dentro do marco competencial atribuído á administración local na normativa de referencia.
- Diseñar e realizar a posta en marcha de programas e actuacións de intervención, orientación, asesoramento, inserción e prevención social orientados aos usuarios do servizo prestados, con inclusión de colectivos vulnerables e en risco de exclusión social.
- Colaboración na coordinación do servizo de axuda no fogar (SAF) e do punto de atención á infancia (PAI).
- Elaboración de programas de prevención, avaliación e intervención social.
- Investigar e avaliar necesidades e situacións sociais que requiran de intervención.
- Realizar seguimento de casos e visitas domiciliarias.
- Colaborar na xestión e tramitación de información, valoración e tramitación de prestacións, recursos, servizos, axudas, etc., con inclusión daqueles destinados a colectivos vulnerables e en risco de exclusión social: dependentes, discapacitados, vítimas de violencia de xénero, menores, familias, persoas con problemas de adicións, propias deste eido competencial.
- Realizar as funcións propias do posto de traballador social, propoñendo informes dentro do seu eido competencial, incluíndo altas, baixas, suspensións, etc.
- Redactar informes, acordos e propostas de resolución en procedementos propios do ámbito competencial.
- Colaboración na presentación, tramitación e xustificación das diferentes axudas e subvencións e convenios específicos para o departamento, e elaboración das memorias anuais.

- Asistir a xuízos en relación cos temas propios do departamento, a reunións con outros profesionais sobre cuestións do ámbito competencial, colaborar nos proxectos externos ao Concello, de entidades públicas e privadas.
- Redactar dilixencias, comparecencias e oficios de mero trámite; requirimentos, citacións, notificacións e comunicacións.
- Prestar colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional.
- Colaboración coa labor inspectora de outras administracións.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.
- Utilizar as aplicacións informáticas que sexan precisas para o desenvolvemento dos seus contidos profesionais.
- Efectuar calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada e para a cal fose previamente instruído.

TERCEIRA. Requisitos das persoas aspirantes.

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación de Diplomado/a en Traballo Social, Graduado/a en Traballo Social ou equivalente. Este requisito deberá acreditarse mediante documento oficial expedido polo organismo competente. Será igualmente válida a acreditación de atoparse en condicións de obter a antedita titulación na data en que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias) da credencial que acredite a súa homologación, que haberá de ser aportada.

f) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 4, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, de acordo co Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e consonte ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, que constará dun exercicio de redacción e unha proba oral, e terá unha duración máxima de unha hora. Dito exame, que terá lugar posteriormente á celebración dos sous exercicios da fase de oposición, cualificarase como APTO/A ou NON APTO/A.

Estes requisitos deberán posuírse como data límite o último día do prazo de presentación de instancias

CUARTA. Forma e prazo de presentación de instancias.

As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e no seu caso específicas para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello segundo o modelo que consta no Anexo II, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica do Concello de A Pontenova (<https://concellodapontenova.sedelectronica.es>), e, no seu caso, no Taboleiro de anuncios.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

QUINTA. Admisión de aspirantes.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na dita resolución, que se publicará na sede electrónica do Concello, sinalarase un prazo de dous días naturais para emenda.

Transcorrido o prazo de emenda, pola Alcaldía aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica do Concello. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal de selección.

SEXTA. Tribunal de selección.

A composición do Tribunal de selección, órgano colexiado, axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home. Existirá un único Tribunal de referencia, de composición predominantemente técnica, e o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte do mesmo.

A pertenza ao órgano de selección será a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. O número de membros que o integrará non será inferior a cinco, os cales deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza convocada.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Ditos asesores deberán gardar sxiilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento do proceso de selección, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do mesmo proceso selectivo o aconsellase.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA. Sistema de selección e desenvolvemento do proceso selectivo.

O sistema de selección será o de concurso-oposición, que constará dunha fase de oposición obrigatoria e eliminatoria e dunha fase de concurso, obrigatoria e non eliminatoria. A fase de concurso deberá realizarse con carácter previo á fase de oposición.

Fase de oposición

A fase de oposición, que se valorará con un máximo de 60 puntos, constará dunha proba con dous exercicios de realización obrigatoria e de carácter eliminatorio. Para superar a fase de oposición será preciso obter unha puntuación mínima de 30 puntos.

Na sede electrónica do Concello publicarase a resolución na que se fixe o lugar, data e hora de realización das probas da fase de oposición.

Para a realización desta fase de oposición, os aspirantes serán convocados en chamamento único, aínda que o mesmo deba dividirse en varias sesións. A non presentación dun aspirante no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no procedemento selectivo, quedando excluído do mesmo. Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

A cualificación da proba farase pública na sede electrónica do Concello.

A orde de actuación dos opositores iníciarase alfabeticamente polo primeiro da letra que resultara no sorteo anual realizado pola Secretaría de Estado para a Administración Pública a que se refire o artigo 17 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado.

A proba a desenvolver nesta fase de oposición constará de dous exercicios a realizar no tempo máximo de dúas horas e serán os que seguen:

Primeiro exercicio:

Obrigatorio. Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 60 preguntas, con catro respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do programa da convocatoria, contido no Anexo I das presentes bases (parte xeral e parte específica). Cada resposta correcta sumará 0,5 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,1 puntos. A puntuación máxima desta proba será de 30 puntos.

Segundo exercicio:

Obrigatoria, de carácter práctico. Consistirá na resolución dun suposto práctico proposto polo Tribunal e relacionado coa parte específica do programa contido no Anexo I ás presentes Bases reguladoras. O exercicio será cualificado de 0 a 30 puntos.

A cualificación definitiva da fase de oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios, para superar a proba deberá acadarse unha puntuación mínima de 30 puntos entre os dous exercicios.

Fase de concurso

A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos acreditados polos aspirantes. Os méritos alegados polos aspirantes deberán xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas.

A puntuación máxima desta fase será de 40 puntos, a valorar segundo os seguintes criterios:

a) Experiencia profesional:

Por cada mes completo de servizos prestados nas administracións públicas, en postos ou prazas iguais ou de análogas funcións á que se opta, acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo ou ente público competente. Puntuación: 1 punto por mes.

Por cada mes completo de servizos prestados en empresa pública ou privada en posto igual ou similar ao que se opta, que deberán ser suficientemente acreditados a través de certificado de cotizacións á Seguridade Social (informe de vida laboral) e contratos. Puntuación: 0,50 puntos por mes

Aos efectos das presentes bases por servizos prestados entenderanse os realizados en virtude de contrato laboral ou administrativo, reducíndose proporcionalmente, no seu caso, os prestados a tempo parcial. Serán aceptados aqueles documentos que acrediten de forma fidedigna a experiencia profesional.

A experiencia profesional deberá acreditarse:

-no caso de experiencia en Administracións Públicas: mediante certificación, expedida pola Administración Pública correspondente na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.

-no caso de experiencia en empresas públicas ou privadas: mediante a copia dos correspondentes contratos de traballo e/ou certificación expedida por órgano competente da correspondente empresa.

Deberá en calquera caso acompañarse informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral de la Seguridade Social, con expresión do grupo de cotización e dos períodos cotizados.

Non se puntuarán períodos inferiores a un mes. Non se computarán os servizos que se prestan simultaneamente con outros igualmente alegados.

A máxima puntuación a obter neste apartado a) é de 20 puntos.

b) Formación:

Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación, académica e complementaria, e perfeccionamento, homologados, acreditados, convocados, impartidos ou realizados pola Comisión de Formación Continuada do Ministerio de AAPP ou pola mesma Comisión Autonómica, por Administracións Públicas, Universidades, INEM, Colexios Profesionais ou Organizacións Sindicais, sempre que teñan contidos relacionados cas funcións propias da categoría ou sexan de carácter transversal: 0,10 puntos/hora.

A máxima puntuación a obter neste apartado será de 20 puntos.

OITAVA. Cualificación final e criterios de desempate.

Unha vez terminada a baremación da fase de concurso e realizadas as probas da fase de oposición, e consideradas no seu caso as reclamacións presentadas, o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación na sede electrónica do Concello e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao da praza convocada. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito. A conseguinte proposta de contratación elevarase á Alcaldía aos efectos oportunos.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, e co obxectivo de satisfacer os principios de eficacia, eficiencia, economía, calidade, e mellora da xestión do sector público, aplicarase o criterio de maior puntuación obtida na fase de oposición, e de `persistir o empate, o criterior de mais tempo traballado

na administración pública, ordeando a tal efecto aos aspirantes en función do maior tempo traballado aínda que se supere o máximo de puntuación no apartado correspondente,

De manterse o empate aplicando os criterios anteriores, acudirase ao sorteo como criterio de desempate.

Os/as aspirantes que superen o proceso de selección e non foran propostos/as para o posto por non acadar a maior puntuación pasarán a formar parte dunha bolsa de emprego.

NOVENA. Acreditación de requisitos esixidos e formalización do contrato.

O/a aspirante proposto/a aportará ante a Administración, dentro do prazo de cinco días hábiles desde que se publique o resultado do proceso selectivo na sede electrónica do Concello e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, os documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación.

Os que tivesen a condición de funcionarios públicos estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar unicamente certificación do Ministerio ou Organismo do que dependan, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal.

Procederase á formalización do correspondente contrato de traballo e a incorporación ao posto de traballo dentro do prazo de cinco días contados a partires do seguinte a aquel no que se declare completa a documentación aportada.

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación. Asimesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

DÉCIMA. Incompatibilidades.

Os aspirantes propostos quedarán suxeitos, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, e demais normativa aplicable.

UNDÉCIMA. Incidencias e réxime de recursos.

O Tribunal queda facultado para resolver todas as dúbidas que se presenten na aplicación destas Bases, para resolver calquera incidencia non prevista nas mesmas ou na lexislación aplicable e para tomar os acordos necesarios para o cumprimento do previsto nas mesmas e na normativa complementaria, podendo adoptar os acordos convintes para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Contra esta convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo no prazo dun mes ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de A Pontenova, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; O Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

ANEXO I**TEMARIO**

Calquera referencia normativa do presente temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

PARTE COMÚN

TEMA 1.- A Constitución Española: Estrutura. Os principios constitucionais: o estado social e democrático de Dereito. Os valores superiores na Constitución española. Título preliminar. Os dereitos e deberes fundamentais, as súas garantías e suspensión. As Cortes Xerais. A reforma constitucional.

TEMA 2.- O Goberno: Composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. A organización territorial do Estado. Réxime de competencias: sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas: competencias exclusivas, compartidas, concorrentes, de desenvolvemento e de execución. O Estado das Autonomías. Os Estatutos de Autonomía. Relación entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

TEMA 3.- O Estatuto de autonomía de Galicia: Título preliminar. O poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. As competencias de Galicia.

TEMA 4.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas: Disposicións xerais. Dos interesados no procedemento. Da actividade das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. A revisión de actos en vía administrativa: revisión de oficio. Recursos administrativos.

TEMA 5.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas: Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento. Iniciación do procedemento. Ordenación do procedemento. Instrución do procedemento. Execución. Finalización do procedemento. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común.

TEMA 6.- O réxime local. Regulación xurídica. O municipio: concepto e elementos: Territorio e poboación. Organización. Competencias. O réxime de organización dos municipios de gran poboación: ámbito de aplicación. Organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios.

TEMA 7.- O persoal ao servizo das Administracións Públicas: Clases de persoal. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos individuais. Deberes e código de conducta. Xornada de traballo permisos, licenzas e vacacións. Dereitos retributivos. Incompatibilidades.

TEMA 8.- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais. Recursos das facendas locais: Enumeración. Imposición e ordenación dos tributos locais. Taxas. Prezos Públicos. Contribucións especiais. Impostos locais: enumeración, natureza e feito imponible. Os orzamentos: Contido e aprobación.

TEMA 9.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Dos órganos das Administracións Públicas: órganos administrativos, competencias, órganos colexiados, abstención e recusación. Os convenios. Principios da potestade sancionadora. Da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.

TEMA 10.- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia da actividade pública.

